

# E U I - O M E U C O R A Z Ó N

## ELEXÍA, AO XEITO ROMÁNTEGO

Por ANXEL FOLE.

Díxome o meu corazón:

—¿Por qué téimas espertar a miña adormentada door? ¿Por qué queres furgar na antiga ferida?

Pro eu non ouvía ao meu corazón... Ardía espréndida e serea a noite de maio. E unha tola ilusión nascéume na testa. Sempre o corazón e a testa non fixeron máis que rifar ao longo da miña vida. Entón, quixen revivir o pasado nos seus intres máis recendentes, na sua máis árdiga plenitude. Qu'o río do tempo recuase ás suas fontes. Que no outono da miña vida frolecese a primavera, que un vello amor agromase na i-alma.

Foi asím:

Sentín a saudade dunha época ledoenta da miña vida, como unha punxente lediza no fondal da i-alma. Endexamáis atinei a eispresar isas circias emocións —tres ou catro no decorrer dunha vida— en que a máis aceda door se mestura á máis fonda lediza! Toda unha época da nosa vida se debroca, súpetamente, na memoria. ¿Sabedes Bén o qué iso é? Paresce como si somentes vivísemos pra aquil intre de entranabel emoción. ¡Aquil anaco da nosa vida ennóbrecese na lembranza, semellando máis feiticeiro qu'a mesma lediza lembrada! O remañente da vida fica arredado, como cousa tristenta, valdeira, murcha; sen quentura, sen luz, nin senso.

Poucas noites admirei tan belidas como aquila. Todal-as cousas semellaban esmoerse no seu mesmo feitizo. Ardía o ceo ancho e profundo, acugulado de estrelas albeigantes, verdecentes e bermellas. Ístas latexaban como miudos corazóns; aquilas, de unha albura mesta e fulxente, tremelaban árdigamente, como seraffns ó redor do trono de Deus. Había roxas fogueiradas nas encostas dos montes. Dos bosques, callados de pechas somas. Cinxía un vento levián, recendente, que alongaba o seu manseliño rosmido pol-as searas. Iste doce asubío da valga trashumante do vento mesturábase ao canto chá do río que unxía a noite de relixiosa fervor. Cada senso era, tamén, un río de fermosuras que tivese a sua foz na miña i alma...

Axiña fitei, dende un outeiro, a aldeia nativa. Había festa. Os foguetes

esgazaban o ár. Na sua luz gaia levaban a rexouba da festa. Ao guindar o seu abrete no ceo, as somas escomezaban a danzar de moentas.

Denantes de entrar na aldea, górecinme no cáligo de unha soma.

Relembrei.

Sabela tiña os ollos azúes e sereos, grandes e tristesiros. Aquiles ollos aloumiñaban total-as cousas e de todas ficaban un pouco lonxanas. Sempre amei isos ollos craros, dondos e limpos que endexamáis cobizan eisixirnos ren e que, en troques, nos perdoan todo. Afnda nas máis puras e inxeles ledizas gardan unha nobre e sutil señardade. A cotío fixen comparanza diles á múseca de Mozart... ¡Nasceron pra ollar e laiárense da door infnda do mundo!

¿É aquila voz tépeda e maina que esgazaba o ár docemente, como arrolo de unha pomba?... ¡Aquila voz, aloumiño do senso, lediza do esprito, chave do corazón!

¿É aquil mólido ademán, que abría o seu quente voo espaxando ao seu redor un arume de i-alma lene e inxel?

¿Qué sería de Sabela? ¿Ficaría aínda no lugar? ¿Morrería? ¿Casaría?...

Un coro espallou na noite a sua armoniosa cramor. Mozos e mozas entorgaban unha rexoubante canción.

¿Verdade que unha das máis fermosas cousas que se poidan gostar na vida é ouvir un coro campesío nunha tépeda noite de primaveira?... Unha voz baruda creba o silencio. Axíña lle siguen as voces limpas, aguzadas, das mozas. Logo, xúntanse a elas as voces rexas, variles dos mozos. É asím as voces achegadas, agreadas, ecoantes, fan resoar a noite co-a sua ampla cramor... ¡I-unha breixante emoción xurde da i-alma, lenturando o mundo!...

Entreí no lugar. Arrechegueime á sua casa. Albisquei o recadro alumeado dunha fiestra. ¡Aquela fiestra era a mesma fiestra nosa! Ollei drento... Unha nena de seis ou sete anos estaba no meio do ban, manxando unha lambetada. A luz dunha lámpada batíalle na faciana. E... ¡uns ollos azúes, grandes, sereos, na faciana infantil! ¡Éran os mesmos ollos de Sabela!...

Unha bomba de tébregas estoupoume nos miolos.

De contado saín do lugar. O coro seguía a cantar. A musegal ventolada alporióu a flama da miña door.

É na noite silandeira ouvín a voz do meu corazón:

—¿Por qué teimaches espertar a miña adormentada door? ¿Por qué quixeches furgar na antiga ferida?

—¡Cala, meu corazón, vello amigo fraderno. cala!...

Ardía a noite de maio espréndida e serea... A paz de Deus abenzoaba as cousas...